



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CURTIS

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora do servizo de recollida de residuos de competencia municipal do Concello de Curtis
ANUNCIO

O Pleno do Concello de Curtis, en sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2024, aprobou con carácter provisional a Ordenanza municipal reguladora do servizo de recollida de residuos de competencia municipal.

O expediente permaneceu exposto ao público polo prazo de trinta días en cumprimento do disposto no artigo 49 b) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, logo da publicación do correspondente anuncio no BOP nº 249 de 27 de decembro de 2024 e no taboleiro de edictos deste Concello.

Ao non presentarse alegación algunha elévase a definitivo o anterior acordo e publícase íntegramente o texto da Ordenanza, sen que entre en vigor ata que transcurra o prazo de quince días hábiles establecido no artigo 65.2 da LRBRL, en aplicación do artigo 70.2 do mesmo texto legal.

“ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CURTIS

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 2. Analoxía

Artigo 3. Forma de xestión

Artigo 4. Marco de actuación

Artigo 5. Marco competencial

Artigo 6. Financiamento

TÍTULO II. DO SERVIZO DE RECOLLIDA E XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 7. Modalidades de servizo

Artigo 8. Actuacións incluídas

Artigo 9. Sistema de segregación e recollida selectiva

CAPÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA CONTENERIZADA

Artigo 10. Sistema de recollida en contedores de uso colectivo

Artigo 11. Normas de utilización dos contedores existentes na vía pública

CAPÍTULO III. RECOLLIDAS COMPLEMENTARIAS E EXTRAORDINARIAS

Artigo 12. Separación en orixe de produtores singulares

Artigo 13. Recollida porta a porta de cartón

Artigo 14. Recollida de aveños voluminosos

Artigo 15. Retirada e xestión de cadáveres de animais domésticos de compañía

Artigo 16. Retirada de vehículos abandonados

CAPÍTULO IV. PUNTOS LIMPOS

Artigo 17. Instalacións

Artigo 18. Residuos admisibles no punto limpo

Artigo 19. Condicións de entrega dos residuos no punto limpo

Artigo 20. Cantidades máximas admisibles no punto limpo fixo

Artigo 21. Xestión de residuos municipais especiais

Artigo 22. Reutilización dos bens

TÍTULO III. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. RESPONSABILIDADES

Artigo 23. Responsabilidades

Artigo 24. Deber de vixilancia e inspección

Artigo 25. Deber de colaboración

CAPÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 26. Infraccións

Artigo 27. Sancións

Artigo 28. Obrigación de repoñer

Artigo 29. Multas coercitivas

Artigo 30. Prescrición de infraccións e sancións

Artigo 31. Competencia e procedemento sancionador

Artigo 32. Protección de datos persoais

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. HABILITACIÓN DE DESENVOLVEMENTO

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Curtis (A Coruña), en virtude do establecido na Constitución Española e na lexislación vixente redacta a seguinte Ordenanza regulatoria do servizo de recollida de residuos da súa competencia no termo municipal de Curtis (A Coruña).

Esta Ordenanza dítase de conformidade coa potestade regulamentaria que ostentan as Entidades Locais, segundo o artigo 4.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta materia corresponde ás atribucións como competencia municipal, tanto na normativa estatal como na da Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido, o artigo 12.5.a) da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, establece que corresponde ás entidades locais, como servizo obrigatorio en todo o seu ámbito territorial, “a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos na forma en que establezan as súas respectivas ordenanzas, de conformidade co marco xurídico establecido nesta lei, nas leis e instrumentos de planificación que, no seu caso, aproben as comunidades autónomas e na normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor. Para estes efectos, deberase dispoñer dunha rede de recollida suficiente que incluírá puntos limpos ou, no seu caso, puntos de entrega alternativos que fosen acordados pola entidade local para a retirada gratuíta dos mesmos”.

Adicionalmente, o punto 2º do artigo 12.5.e), da Lei 7/2022, sinala que as entidades locais poderán “Xestionar os residuos comerciais non perigosos nos termos que establezan as súas respectivas ordenanzas, sen prexuízo de que os produtores destes residuos poidan xestionalos por si mesmos nos termos previstos no artigo 20.3. Cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión, poderá impoñer, de maneira motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia en termos económicos e ambientais na xestión dos residuos, a incorporación obrigatoria dos produtores de residuos ao devandito sistema en determinados supostos”.

TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta Ordenanza ten por obxecto a regulación do servizo público de recollida e xestión dos residuos municipais, integrando as actuacións de disposición, recollida e transporte dos residuos ao xestor autorizado correspondente, así como o réxime xurídico e funcionamento do punto limpo fixo.

A través desta Ordenanza regúlanse as seguintes actividades:

- Disposición e/o depósito dos residuos por parte dos seus produtores, conforme ás casuísticas que se regulan neste documento.
- Recollida dos residuos dispostos e/o depositados segundo corresponda, así como o transporte á instalación de transferencia, centro de tratamento ou xestor autorizado que corresponda.
- Funcionamento, condicións de uso, admisión de residuos e características do punto limpo.
- Servizo extraordinarios, relativos á recollida e xestión de animais domésticos mortos e vehículos abandonados.

Atenderase, en todo caso, á prevalencia dos principios de prevención, reutilización, reciclado e valorización dos materiais, no marco dos criterios de economía circular local.

O ámbito de aplicación desta Ordenanza é o termo municipal de Curtis (A Coruña).

Esta Ordenanza é de aplicación a todas as persoas físicas ou xurídicas que xeren residuos domésticos ou asimilables e fagan uso dos servizos de recollida e xestión municipais.

Artigo 2. Analogía

A criterio razoado dos servizos municipais, os preceptos da presente Ordenanza poderán ser aplicados, por analogía, a outros supostos que non están expresamente regulados e que, polas súas características puidesen ser comprendidos dentro do seu ámbito de aplicación.

Os servizos municipais do Concello de Curtis serán quen establezan a interpretación que estimen conveniente respecto ás dúbidas suscitadas sobre a aplicación desta Ordenanza.

Artigo 3. Forma de xestión

Os servizos de recollida e xestión de residuos contemplados na presente Ordenanza, e nos seus instrumentos de desenvolvemento, serán prestados polo Concello de Curtis baixo calquera das formas de xestión previstas na normativa de réxime local.

Artigo 4. Marco de actuación

Para os efectos do establecido nesta Ordenanza, teranse en conta as definicións incluídas, entre outra, na seguinte relación normativa:

- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e chans contaminados de Galicia.
- Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
- Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.
- Real Decreto 265/2021, do 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil e polo que se modifica o Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2822/1998, do 23 de decembro.

As principais definicións a ter en consideración son as seguintes:

- Residuos domésticos: residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas. Considéranse tamén residuos domésticos os similares en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeren como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria. Inclúense tamén nesta categoría os residuos que se xeran nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, afeños e colchóns, así como os residuos e cascallos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. Terán a consideración de residuos domésticos, os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.
- Residuos comerciais: residuos xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e dos mercados, así como do resto do sector servizos.

- Residuos perigosos: residuo que presenta unha ou varias das características de perigo enumeradas no anexo I da Lei 7/2022, e aquel que sexa cualificado como residuo perigoso polo Goberno de conformidade co establecido na normativa da Unión Europea ou nos convenios internacionais dos que España sexa parte. Tamén se comprenden nesta definición os recipientes e envases que conteñan restos de substancias ou preparados perigosos ou estean contaminados por eles, a non ser que se demostre que non presentan ningunha das características de perigo enumeradas no citado anexo I.
- Residuos industriais: residuos resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal.

Artigo 5. Marco competencial

O Concello de Curtis prestará, como servizo de recepción obrigatorio, a recollida, o transporte e o tratamento dos residuos domésticos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas, así como dos residuos comerciais. Neste último caso, poderanse organizar recollidas específicas para:

- Envases de vidro e envases lixeiros dos establecementos de hostalería.
- Restos orgánicos de restaurantes, fruterías e outros establecementos similares de venda directa ao público.
- Cartón e papel de pequenos establecementos comerciais de venda directa ao público.

Con todo, os responsables destas actividades económicas poderán optar por realizar unha xestión propia e independente non vinculada ao servizo municipal, de acordo ao previsto no artigo 20.3 da Lei 7/2022.

Tamén se asumirá o servizo para o caso das industrias, aínda que unicamente para os residuos que non se xeren como consecuencia da actividade propia e sexan similares en características e volume aos domiciliarios. Exclúese a recollida dos residuos resultantes dos procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento xerados pola actividade industrial como consecuencia da súa actividade principal.

Todos estes servizos prestaranse na forma que se establece na presente Ordenanza e de acordo co establecido na normativa estatal e autonómica sobre xestión de residuos e réxime local.

Corresponde ao Concello de Curtis a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora no ámbito das competencias que exerza de acordo cos apartados anteriores.

Artigo 6. Financiamento

Os custos asociados á prestación dos servizos regulados por medio de Ordenanza estableceranse na correspondente ordenanza fiscal.

TÍTULO II. DO SERVIZO DE RECOLLIDA E XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 7. Modalidades de servizo

O servizo de recollida e xestión de residuos de competencia municipal estrutúrase conforme ás seguintes modalidades:

- Recollida ordinaria a través de contedores na vía pública para distintas fraccións de residuos.
- Recollida complementaria, porta a porta, no ámbito comercial e para fluxos específicos domiciliarios.
- Recollida de residuos especiais nos puntos limpos.
- Recollidas extraordinarias.

Artigo 8. Actuacións incluídas

O servizo de recollida contenerizada de residuos préstase de forma regular, conforme á periodicidade establecida e comprende as seguintes actuacións:

- a) A colocación, mantemento, reposición e limpeza de contedores para o depósito dos residuos indicados na presente Ordenanza, de forma segregada por fraccións ou tipoloxías.
- b) A recollida dos residuos depositados nos contedores, e nos seus arredores, e o seu transporte e descarga nas instalacións de xestión correspondentes.
- c) A retirada dos restos vertidos como consecuencia das anteriores operacións.
- d) A revisión, mantemento e limpeza dos puntos limpos portátiles, incluída a recollida dos residuos depositados nos mesmos ou nos seus arredores e o seu traslado e depósito no punto limpo fixo.

O servizo de recollida e xestión comprende as seguintes actuacións complementarias:

- a) A recollida porta a porta de determinados residuos a grandes produtores previamente inscritos neste servizo, así como o seu transporte a instalación ou xestor autorizado.
- b) A recollida porta a porta de enseres voluminosos e o seu traslado a xestor autorizado, ben directamente ou agregándoos aos fluxos existentes no punto limpo fixo. Neste caso, prográmanse determinados días ao ano, realizándose unha convocatoria previa e, no seu caso, a inscrición ou solicitude expresa por parte do usuario, a través dos medios indicados desde o Concello.

O servizo de recollida e xestión complementase coa xestión do punto limpo, unha instalación destinada á recepción e almacenamento temporal de residuos especiais do fogar para o seu envío a centros de tratamento autorizados. As actividades de xestión do punto limpo comprenden as seguintes actividades:

- a) A atención ao público e rexistro dos usuarios e os residuos entregados.
- b) A limpeza e o mantemento do punto limpo.
- c) O transporte ou xestión dos residuos a un xestor autorizado para o seu tratamento conforme á normativa vixente.
- d) A xestión documental e administrativa do punto limpo.

As recollidas extraordinarias prodúcense cando se detecta a necesidade de recoller e xestionar un determinado residuo que, polas súas características, non se produce regularmente nin frecuentemente, tales como:

- a) A recollida e xestión de cadáveres de animais domésticos de compañía pertencentes ás especies normalmente alimentadas e mantidas, pero non consumidas, polos seres humanos con fins distintos da gandería.
- b) A retirada da vía pública de vehículos abandonados.

Artigo 9. Sistema de segregación e recollida selectiva

Os residuos que teñan a consideración de residuos domésticos estarán dispoñibles conforme ao seguinte sistema de segregación para a súa recollida e xestión selectiva:

- Envases de vidro: as botellas, botes e frascos de vidro depositaranse en contedores identificados para esta fracción sen restos do seu contido. Antes de depositar estes envases deberán retirarse as tapas, os tapóns e os envoltorios, que deberán ser depositados no seu correspondente contedor.
- Papel e cartón: sen prexuízo da posibilidade de participar na recollida porta a porta de grandes produtores, o papel e o cartón limpos, incluído o papel impreso, deberán depositarse nos contedores identificados para esta fracción, habitualmente de cor azul. Os cartóns deberán romperse ou encartarse para que ocupen o mínimo espazo posible no contedor. O papel e cartón manchado de graxas non pode depositarse nestes contedores.
- Envases lixeiros: os envases de plástico, os envases metálicos e envases tipo brik depositaranse en contedores identificados para esta fracción, habitualmente de cor amarela, sen restos do seu contido. Neste contedor non se poderán depositar restos orgánicos nin plásticos ou metais que non sexan envases.
- Fracción orgánica: os restos orgánicos poderanse depositar nos contedores identificados para esta fracción, habitualmente de cor marrón. Estes residuos deberán depositarse en bolsas compostables.
- Fracción resto: os residuos domésticos que non dispoñan de ningunha recollida selectiva, contenerizada ou a través dos puntos limpos, ou recollida especial poderán depositarse nos contedores identificados para esta fracción. Estes residuos deberán depositarse en bolsas pechadas.
- Residuos domésticos especiais: os residuos domésticos especiais recolleranse a través do punto limpo fixo, os puntos limpos portátiles e as recollidas de enseres voluminosos, conforme ao establecido na presente Ordenanza e a normativa de desenvolvemento.

O acceso aos contedores poderá estar restrinxido á inscrición nos servizos municipais, dispoñendo dun sistema de acceso controlado.

CAPÍTULO II. SERVIZO DE RECOLLIDA CONTENERIZADA

Artigo 10. Sistema de recollida en contedores de uso colectivo

Esta Ordenanza prevé a disposición de contedores de uso colectivo na vía pública para a recollida separada de 5 fraccións de residuos (envases de vidro, papel e cartón, envases lixeiros, fracción orgánica e fracción resto), que se complementan con dous puntos limpos portátiles para residuos municipais especiais.

O Concello velará para que os contedores identifiquen os residuos ou fracción de residuos que debe depositarse en cada un deles, así como para que se atopen en bo estado de mantemento e limpeza.

Os establecementos comerciais e grandes produtores específicos poderán dispoñer de contedores para uso exclusivo, suxeito a decisión dos servizos municipais. O Concello poderá condicionar, ou non, a prestación do servizo á adquisición de medios propios aos interesados coas características compatibles co servizo de recollida.

Artigo 11. Normas de utilización dos contedores existentes na vía pública

Os usuarios produtores de residuos domésticos estarán obrigados a depositalos correctamente nos distintos contedores situados na vía pública, conforme ao establecido na presente Ordenanza.

Os residuos depositaranse sempre dentro dos recipientes. En caso de atoparse desbordados deberase contactar cos servizos municipais, non podendo depositarse fóra dos contedores.

Os usuarios do servizo deberán depositar os residuos das fraccións resto e orgánica en bolsas pechadas.

Para calquera das fraccións respectaranse os horarios de depósito que se atopen identificados na propia serigrafía dos contedores. Non se poderán depositar residuos entre as 0:00 horas e as 8:00 horas.

CAPÍTULO III. RECOLLIDAS COMPLEMENTARIAS E EXTRAORDINARIAS

Artigo 12. Separación en orixe de produtores singulares

Os establecementos comerciais, de hostalería e outros de carácter colectivo, tales como residencias, centros educativos, centros penitenciarios e outros similares, que xeren residuos domésticos, deberán realizar a separación en orixe conforme ao sistema de segregación establecido. A súa segregación deberase realizar no interior dos mencionados establecementos ou instalacións.

Os produtores que, de forma diaria, semanal ou puntual, xeren unha gran cantidade dunha determinada tipoloxía de residuos estarán obrigados a comunicalo aos servizos municipais para establecer o procedemento de depósito e recollida en cada caso.

Os servizos municipais do Concello de Curtis serán quen establecerá se se permite o depósito nos contedores da vía pública ou se se establece un procedemento de recollida (medios de uso exclusivo e/o recollida porta a porta), segundo os datos proporcionados polos produtores.

As fraccións ou tipoloxías de residuos susceptibles de atención específica son:

- a) A recollida de cartón e papel.
- b) A recollida de envases lixeiros.
- c) A recollida de biorresiduos (fracción orgánica).

Estarán excluídos destas obrigacións os produtores que acrediten dispoñer dun sistema de segregación propio e entreguen os residuos a un xestor autorizado, sen prexuízo do deber de informar ao Concello das cantidades xestionadas por fracción ou tipo de residuo.

Os promotores, públicos ou privados, de eventos públicos, puntuais ou periódicos, que concentren un elevado número de asistentes, están obrigados a establecer un plan para a prevención, separación conforme ao sistema establecido no municipio e xestión dos residuos xerados durante o mesmo.

Este plan incluírá, como mínimo, unha estimación da cantidade de residuos prevista por tipoloxía, o número de recipientes para a súa recollida selectiva e os medios de recollida tanto dos contedores como dos residuos que se depositen no chan. Este plan deberá ser aprobado polos servizos municipais de forma previa á celebración do evento.

O Concello de Curtis poderá dispoñer de contedores ou recollidas puntuais para residuos municipais especiais, que serán divulgadas á cidadanía ou aos interesados. Neste caso, os residuos serán integrados na xestión do punto limpo ou serán xestionados directamente a través dun xestor autorizado.

Artigo 13. Recollida porta a porta de cartón

O Concello de Curtis dispón dun servizo de recollida porta a porta de cartón e papel ao que se poden adherir voluntariamente os establecementos comerciais que xeren esta tipoloxía de residuo regularmente.

Os establecementos adheridos han de cumprir as seguintes normas:

- a) Colocar o cartón ou papel no sitio e no día e horario establecido polo Concello.
- b) A disposición dos residuos na vía pública non poderá afectar ao tránsito de persoas ou automóbiles.

c) Dobrar e encartar as caixas de cartón ao máximo para que ocupen o menor espazo posible e facilitar a recollida manual. Introducir o papel en caixas de cartón.

O Concello de Curtis determinará a frecuencia e horario de prestación deste servizo.

Artigo 14. Recollida de enseres voluminosos

O Concello de Curtis programará, durante o ano, recollidas especiais de enseres voluminosos. Informarase á cidadanía das datas, puntos de recollida e condicións de entrega dos residuos.

Os interesados deberán solicitar o servizo a través dos servizos municipais ou a empresa concesionaria, segundo se estableza.

Os enseres voluminosos admisibles neste servizo clasifícanse en:

- a) Enseres voluminosos de liña branca: lavadoras, lavalouzas, frigoríficos, televisores e similares.
- b) Enseres voluminosos de liña marrón: colchóns, somieres, sofás, armarios e outros mobles doméstico.

Non serán obxecto de recollida aqueles elementos para cuxo manexo sexa necesario o emprego de medios mecánicos tales como guindastres ou poleas, ou aqueles que non estean preparado para o seu inmediato traslado.

Exclúense deste servizo a recollida de enseres voluminosos procedentes de empresas ou comercios, salvo aqueles que sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica e non procedan da súa actividade económica.

Artigo 15. Retirada e xestión de cadáveres de animais domésticos de compañía

Queda prohibido o abandono de animais mortos de calquera especie na vía pública ou en calquera espazo público do termo municipal.

Os posuidores de cadáveres de animais domésticos pertencentes ás especies normalmente alimentadas e mantidas, pero non consumidas, polos seres humanos con fins distintos da gandería, poderán:

- a) Entregar o cadáver a un xestor autorizado ou a un recollidor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.
- b) Solicitar a recollida por parte dos servizos municipais, que se encargará da súa entrega a xestor autorizado ou a un recollidor rexistrado que garanta a entrega a un xestor autorizado.

Non se poderá solicitar o servizo municipal no caso de que exista normativa específica para a súa xestión ou cando, polas súas características, grao de descomposición, epizootia, tamaño ou outras peculiaridades non sexa posible a súa xestión municipal.

O Concello de Curtis prestará este servizo por medios propios ou a través de empresas colaboradoras.

Artigo 16. Retirada de vehículos abandonados

A efectos do establecido nesta Ordenanza, considérase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo doméstico, nos seguintes casos:

- a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou sexan ilegibles.
- b) Cando se atope en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.

Queda prohibido o abandono de vehículos en calquera tipo de terreos do termo municipal de Curtis, tanto públicos como privados.

O titular dun vehículo que vaia a desprenderse do mesmo queda obrigado a entregalo a un centro autorizado para o tratamento dos vehículos ao final da súa vida útil (CAT), ben directamente ou a través dunha instalación de recepción, de acordo co establecido no artigo 5.1 do Real Decreto 20/2017, do 20 de xaneiro, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.

De acordo co establecido no artigo 5.2 do citado Real Decreto 20/2017, o Concello recollerá os vehículos abandonados e entregaraos a un CAT, para a súa descontaminación e tratamento, sen prexuízo do cumprimento da normativa sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viario.

No caso que se poida identificar o propietario do vehículo abandonado requiriráselle a súa retirada nun prazo máximo de 15 días naturais. A partir deste prazo o Concello de Curtis procederá a tramitar a súa xestión como vehículo abandonado, esixíndolle ao seu titular os custos inherentes á recollida e entrega e xestión no CAT, con independencia das sancións que, no seu caso, puidésense impoñer.

O Concello de Curtis prestará este servizo por medios propios ou a través de empresas colaboradoras.

CAPÍTULO IV. PUNTOS LIMPOS

Artigo 17. Instalacións

O Concello de Curtis conta cun punto limpo fixo situado no Polígono Industrial de Teixeira, na rúa D, parcela de Servizos.

Esta instalación ten un horario de apertura aos usuarios de luns a sábado de 10 a 14 horas, que se poderá modificar por parte do Concello de Curtis en función de distintas conxunturas, informando da modificación do mesmo.

Só se poderá acceder á instalación no horario establecido e previa autorización da persoa encargada da atención ao público, atendendo ás instrucións sinaladas por este.

A persoa encargada da atención no punto limpo poderá, de forma motivada, non admitir residuos que non se atopen na listaxe de admitidos, superen as cantidades establecidas para a súa entrega, non procedan do ámbito doméstico ou outros ámbitos admitidos, ou presenten características incompatibles coa súa recepción e almacenamento na instalación. Neste caso, o encargado notificará aos servizos municipais os datos relativos a esta circunstancia.

En todo caso, a recepción no punto limpo, restrinxirase aos residuos domésticos entregados polas persoas empadroadas ou titulares de inmobles no Concello de Curtis e xerados no termo municipal. Poderán depositar igualmente residuos domésticos as persoas residentes ou titulares de inmobles dos Concellos cos que exista un convenio de colaboración para o uso da devandita instalación.

Os residuos entregados no punto limpo pasarán a ser propiedade do Concello de Curtis.

Complementariamente, ao obxecto de facilitar a colaboración cidadá, o Concello de Curtis instalará puntos limpos portátiles ou outras infraestruturas ou contedores para a recollida de pequenos residuos especiais do fogar, conforme ao establecido nos artigos relativos á contenerización.

Artigo 18. Residuos admisibles no punto limpo

No punto limpo fixo poderanse depositar os seguintes residuos domésticos:

- Mobles, colchóns e outros enseres voluminosos.
- Aparellos eléctricos, electrónicos e informáticos.
- Cascallos de pequenas obras domiciliarias, excepto os que conteñan amianto ou sexan radioactivos que deberán ser xestionados conforme á normativa vixente.
- Espellos, vidro de xanelas e outros inertes como pratos e vasos.
- Chatarra.
- Pneumáticos ao final da súa vida útil procedentes de particulares.
- Podas e céspede.
- Residuos téxtiles (roupa, calzado e complementos).
- Residuos especiais do fogar, tales como:
 - Disolventes, pinturas e vernices.
 - Lámpadas, tubos fluorescentes e outras luminarias.
 - Aceites vexetais e aceites minerais.
 - Radiografías.
 - Baterías de automóbil.
 - Pilas e pequenas baterías eléctricas.
 - Aerosois.
 - Cortantes e punzantes.
- Outros residuos que expresamente determine o Concello nas normas de desenvolvemento da presente Ordenanza.

Neste punto limpo recibiranse e xestionarán os residuos recollidos dos puntos limpos portátiles. Entre os residuos aceptables nestes recipientes poderán estar os seguintes: pilas e pequenas baterías, pequenos electrodomésticos, aceite usado de cociña en botellas pechadas, aerosois, roupa e calzado, lámpadas e fluorescentes, cartuchos de tinta e tóner, e outros que se determinen.

Nos puntos limpos non se poderán entregar:

- Residuos sen segregar, sen identificar ou en condicións que poidan prexudicar o almacenamento temporal nas instalacións.
- Animais mortos e desperdicios de orixe animal.
- Vehículos ao final da súa vida útil.
- Residuos sanitarios dos grupos III, IV e V.
- Calquera tipo de residuo que non apareza na relación de residuos admisibles.

Artigo 19. Condicións de entrega dos residuos no punto limpo

Os usuarios do punto limpo terán que identificarse e acreditar documentalmente que están empadroados ou son titulares dun inmoible no termo municipal de Curtis (no seu caso, nos Concellos cos que exista un convenio de colaboración para o uso da devandita instalación).

Admitirase a presentación do Documento Nacional de Identidade (DNI) con domicilio no municipio correspondente, volante ou certificado de empadramento ou recibo do Imposto de Bens Inmóbles (IBI) correspondente.

Os usuarios do punto limpo serán os encargados de depositar os residuos nos contedores ou emprazamentos indicados polo persoal de atención ao público.

Artigo 20. Cantidades máximas admisibles no punto limpo fixo

Sen prexuízo da potestade do Concello de Curtis para modificar as seguintes cantidades na normativa de desenvolvemento desta Ordenanza, as cantidades máximas admitidas por persoa e día/semana/mes son as recollidas no seguinte cadro.

TIPO DE RESIDUO	CANTIDADE MÁXIMA ADMITIDA
Mobles, colchóns e outros enseres voluminosos	Máximo 3 unidades ao día
Aparellos eléctricos, electrónicos e informáticos	Máximo 3 unidades ao día
Escombros de pequenas obras domiciliarias	Máximo 50 kg
Espellos e vidro de fiestras	Máximo 20 kg
Chatarra	Máximo 100 kg
Podas e céspede	Máximo 200 kg/día ou 2 m3
Residuos téxtiles	Máximo 20 kg/día
Disolventes, pinturas e vernices	Máximo 10 kg/día
Lámpadas, tubos fluorescentes y outras luminarias	Máximo 10 unidades/día
Aceites vexetais e aceites minerais	Máximo 25 litros/día
Radiografías	Máximo 3 unidades/día
Pneumáticos ao final de súa vida útil	Máximo 4 unidades ao mes
Baterías de automóbil	Máximo 2 unidades/mes
Pilas e pequenas baterías eléctricas	Máximo 5 kg/día
Aerosois	Máximo 10 unidades ao día
Cortantes e punzantes	Máximo 5 litros/día
Outros residuos	Segundo se determine

Artigo 21. Xestión de residuos municipais especiais

O Concello de Curtis, directamente ou a través de terceiros, encargarse de xestionar os residuos recibidos no punto limpo e envialos a un xestor autorizado do tratamento conforme á normativa vixente.

Artigo 22. Reutilización dos bens

O Concello de Curtis resérvase, a través dos instrumentos de desenvolvemento da presente Ordenanza, realizar os trámites administrativos necesarios para habilitar o punto limpo para canalizar, cara á reutilización, a entrada de determinados obxectos en bo estado.

O persoal do punto limpo identificará, seleccionará e separará os bens (mobles e enxoval do fogar) que estean en bo estado e consideren que poden volver ser utilizados. Estes bens integraranse nunha listaxe de bens para a reutilización que se poñerá ao dispor do Concello de Curtis.

Os Servizos Sociais do Concello de Curtis establecerán o mecanismo para posibilitar que as persoas usuarias do devandito servizo poidan aproveitar estes bens de forma prioritaria, quedando ao dispor de calquera usuario do punto limpo se non existe esta necesidade.

Só se poderán extraer do punto limpo bens rexistrados para a súa reutilización, quedando limitada a retirada a un máximo dun armario ou elemento de enxoval por semana; salvo autorización expresa dos Servizos Sociais.

Os bens entregados no punto limpo pasan a ser de titularidade municipal, independentemente que se destinen a reutilización ou se xestionen como residuos. Os bens entregados a usuarios para a súa reutilización pasan a ser de titularidade do usuario no momento que é retirado por este do punto limpo.

TÍTULO III. RESPONSABILIDADES E RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. RESPONSABILIDADES

Artigo 23. Responsabilidades

As accións ou omisións que supoñan o incumprimento do establecido na presente Ordenanza darán lugar a responsabilidade de natureza administrativa, sen prexuízo da que puidese esixirse en vía civil ou penal.

Estas responsabilidades serán esixibles aos suxeitos responsables por actos propios e por actos daquelas persoas de quen deba responder e polo proceder dos animais dos que fose titular.

As responsabilidades serán esixibles de forma solidaria cando non sexa posible determinar o grao de participación dos distintos implicados.

As responsabilidades relativas a obrigacións colectivas será atribuída á entidade á que se atribuíu a obrigación.

Artigo 24. Deber de vixilancia e inspección

O deber de vixilancia e inspección do disposto na presente Ordenanza corresponde ao persoal dos servizos municipais que teña atribuídas ditas funcións.

Este persoal, no exercicio das súas funcións inspectoras terá a condición de axente da autoridade, estando facultado para acceder ás instalacións nas que se desenvolvan actividades reguladas nesta Ordenanza e para inspeccionar o contido dos distintos sistemas de recollida de residuos, incluídos os contedores e as bolsas de lixo.

Este persoal estará facultado para inspeccionar os residuos abandonados ao obxecto de identificar o produtor dos mesmos e recompilar probas para iniciar un procedemento sancionador.

Artigo 25. Deber de colaboración

Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente Ordenanza deberán colaborar co persoal que exerza as funcións de inspección, de acordo coa normativa vixente.

CAPÍTULO II. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 26. Infraccións

Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza, así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo de que os preceptos desta Ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.

As infraccións tipificadas na presente Ordenanza clasifícanse en moi graves, graves e leves, de acordo co establecido na lexislación básica de residuos e na de Réxime Local.

Considéranse moi graves:

- a) O abandono ou vertedura incontrolado de residuos perigosos.
- b) O abandono ou vertedoiro incontrolado de calquera tipo de residuos municipais, cando se poña en perigo grave a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.
- c) A rotura, furto ou roubo dos contedores dispostos para a recollida de residuos municipais, así como nas restantes instalacións e vehículos destinados a este servizo.
- d) A obstrución grave ao normal funcionamento do servizo de recollida de residuos.
- e) O impedimento do uso do servizo de recollida de residuos a persoas con dereito á súa utilización.

f) Non facilitar información ao Concello sobre a orixe e/o as características dos residuos que poidan producir problemas na súa manipulación, transporte ou tratamento, así como proporcionar datos falsos.

g) A reincidencia en infraccións graves.

Considéranse graves:

a) O abandono, a vertedoiro e a xestión incontrolada de calquera tipo de residuo municipal sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou se producira un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.

b) A entrega, venda ou cesión de residuos de competencia municipal a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas na presente Ordenanza, así como a aceptación dos devanditos residuos en condicións distintas ás previstas.

c) A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control do Concello de Curtis, así como o incumprimento das obrigacións de colaboración establecidas na presente Ordenanza.

d) O incumprimento da obriga de presentar un plan de prevención e recollida selectiva de residuos en eventos públicos que concentren un elevado número de persoas, así como o incumprimento da separación dos residuos nestes eventos.

e) O depósito nos contedores e instalacións destinadas a residuos municipais de residuos que procedan de actividades económicas e industriais non asimilables.

f) A extracción ou retirada dos residuos dos contedores ou dos puntos limpos unha vez postos a disposición dos servizos municipais.

g) A deterioración dos contedores e instalacións destinadas a residuos municipais con pintura ou outros produtos que produzan un dano non estrutural ao elemento.

h) A reincidencia en infraccións leves.

Considéranse leves:

a) O incumprimento das obrigas de separación e depósito dos residuos municipais nos contedores ou instalacións correspondentes, conforme ao establecido na presente Ordenanza.

b) O incumprimento dos horarios de depósito e entrega dos residuos municipais, así como incumprir as normas de depósito ou entrega.

c) O abandono ou depósito de residuos municipais na vía pública ou en lugares distintos aos especificados polo Concello de Curtis, incluíndose residuos de pequeno volume como cabichas, plásticos, papeis, cascas e desperdicios similares.

d) O desprazamento dos contedores fóra das súas localizacións.

e) O uso dos contedores para fins distintos aos previstos na presente Ordenanza.

Artigo 27. Sancións

Con carácter xeral, para as infraccións relacionadas coa xestión dos residuos de competencia municipal e a entrega dos residuos incumprindo as disposicións desta ordenanza estarase ao disposto na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular.

Artigo 28. Obriga de repoñer

O infractor deberá reparar o dano causado repoñendo a situación alterada ao seu estado orixinario, sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda. En caso de non reparación do dano causado no prazo sinalado, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas.

Dita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria polo Concello de Curtis no caso de que o infractor non repare o dano causado no prazo sinalado ou se a reposición debe realizarse de inmediata derivado da necesidade de realizar as actividades previstas na presente Ordenanza. En ambos os casos, os custos orixinados polas actuacións para realizar serán con cargo ao suxeito responsable da infracción, esixíndolle, no seu caso, a indemnización ao que houbese lugar por danos e prexuízos causados.

Artigo 29. Multas coercitivas

Nos casos das infraccións, que se corresponden coas tipificadas na Lei 7/2022 como moi graves ou graves, sen prexuízo da sanción que se puidese impoñer, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas conforme o establecido no artigo 117 da Lei 7/2022.

A contía de cada unha destas multas non poderá superar, no seu caso, un terzo da multa fixada por infracción cometida.

Artigo 30. Prescrición de infraccións e sancións

As infraccións prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As infraccións moi graves: cando se trate da infracción tipificada que se corresponde coa Lei 7/2022, aos cinco anos; o resto de infraccións moi graves aos tres anos.
- b) As infraccións graves: cando se trate das infraccións que se corresponden coas tipificadas na Lei 7/2022, aos tres anos; o resto de infraccións graves aos dous anos.
- c) As infraccións leves ao ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se houbese cometido. Nos supostos de infraccións continuadas ou permanentes, este prazo comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma.

As sancións impostas prescribirán nos seguintes prazos:

- a) As impostas por infraccións leves ao ano.
- b) As impostas por infraccións graves que se corresponden coas tipificadas na Lei 7/2022 aos tres anos e o resto das infraccións graves aos dous anos.
- c) As impostas por infraccións moi graves que se corresponden coas tipificadas na Lei 7/2022 aos cinco anos e o resto das infraccións graves aos tres anos.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorre o prazo para recorrela.

Artigo 31. Competencia e procedemento sancionador

Corresponde ao Alcalde a resolución dos expedientes administrativos sancionadores en exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da Lei 7/1985, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades conforme esta Ordenanza levarán a cabo de conformidade ao previsto na Lei 39/2015 e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais normativa que lle sexa de aplicación.

Artigo 32. Protección de datos persoais

O desenvolvemento das actuacións reguladas nesta Ordenanza realizarase respectando a protección de datos persoais conforme á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD), e á demais normativa aplicable na materia.

Os datos de carácter persoal que se poidan obter no desenvolvemento das actuacións reguladas nesta Ordenanza poderán ser recompilados, ben pola concesionaria dos servizos ou ben directamente por parte dos servizos municipais. En calquera caso, o custodio e explotador dos datos será o Concello de Curtis.

En ningún caso, estes datos se poderán destinar a actividades promocionais ou publicitarias propias ou de terceiros.

A documentación ou os medios dixitais a través dos cales se recompilen datos de carácter persoal ofrecerán información aos usuarios sobre a posibilidade de exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición sobre os seus datos persoais.

Os datos clasifícanse en tres tipoloxías:

- Datos contractuais: o Concello de Curtis está lexitimado en cumprimento da misión en interese público e exercicio de poderes públicos, conforme ao art. 6.1 do RGPD e o artigo 25.2 da Lei 7/2022.
- Datos relacionais: o Concello de Curtis está lexitimado a coñecer o comportamento dos usuarios respecto a a separación e depósito dos residuos en base ao artigo 28 da citada Lei 7/2022.
- Datos complementarios: aplicaríase o consentimento do usuario ao achegalos.

O Concello de Curtis utilizará os datos persoais coas seguintes finalidades:

- Identificación dos suxeitos pasivos e as súas características para a imposición da taxa correspondente.
- Identificación das persoas usuarias dos servizos prestados, especialmente do punto limpo, recollida de fracción orgánica e dos servizos porta a porta.

- Identificación dos responsables de verteduras incontroladas ou outras infraccións establecidas nesta Ordenanza.
- A prestación dos servizos.
- Realización de estatísticas de uso dos servizos.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda derogada a Ordenanza reguladora da xestión do servizo de recollida de residuos urbanos aprobada por acordo do Pleno así como todas as disposicións do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas na presente Ordenanza en canto se opoñan ou contradigan ao contido da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA. HABILITACIÓN DE DESENVOLVEMENTO

A Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias, poderá interpretar, aclarar e desenvolver os artigos da presente Ordenanza sen prexuízo de que se atribúan estas competencias a outros órganos de goberno, de acordo coa normativa sobre Réxime Local.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. ENTRADA EN VIGOR

Esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P) de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Curtis, 30 de abril de 2025

O alcalde,

Asdo. Javier Fco. Caínzos Vázquez.

2025/2714